

IX CONGRESO CIG-ENSINO

Relatorio de acción Sindical



1

2 Contido

3	1. O marco político e educativo	2
4	1.1 Do inmovilismo ao avance das posicións reaccionarias.....	2
5	1.2. A necesidade de superar os límites impostos a nivel estatal	3
6	1.3. Un marco galego condicionado: o peche de filas do PP e o colaboracionismo	
7	sindical.....	4
8	2.- A defensa dun ensino en clave de País	6
9	2.1.- A soberanía que precisamos para definir o noso ensino	6
10	2.2.- A definición do ensino que queremos para o futuro de Galiza.....	7
11	3.- A acción sindical	9
12	3.1. O traballo sindical no ensino público.....	9
13	3.2. O traballo sindical no ensino universitario.	15
14	3.3. O traballo sindical no ensino privado	16
15	Centros de ensino concertado	17
16	Centros de atención á diversidade e de protección e reforma de menores.....	18
17	Centros de Educación Infantil 0-3 e outros centros privados	19

18

19

1. O marco político e educativo

1.1 Do inmovilismo ao avance das posicións reaccionarias

Temos caracterizado en numerosos documentos de análise o elevado grao de estandarización do sistema educativo e do profesorado que os grandes intereses transnacionais teñen fixado desde hai décadas. A acomodación aos diferentes informes promovidos por conglomerados empresariais ou entidades políticas sen control democrático como a OCDE foi en aumento nestes últimos anos.

O sistema busca intencionadamente un profesorado baixo control e ensimesmado. Só así se pode entender a crecente burocratización do ensino e o deseño de políticas educativas e en materia de persoal que inciden, máis aínda do que xa levan feito desde hai décadas, nunha mal denominada carreira profesional que non é máis que un campo de minas e de obstáculos para que non levantemos a ollada do día a día e prescindamos de poñer en cuestión cara onde nos leva un sistema económico, político, social e educativo que ten os seus fundamentos na segregación, a privatización e o control.

A deriva reaccionaria que, a nivel internacional, se instalou desde hai anos en diferentes gobernos e no marco discursivo e ideolóxico, está a provocar un efecto contaxio que se evidencia non só no triunfo de posicións de extrema dereita nas urnas, acadando ou non directamente o poder institucional, senón tamén en como ese marco condiciona o debate político e social. Faino en temas que, como docentes, vivimos con especial preocupación por como afectan ao estudantado, mais tamén ao profesorado. Así acontece coa migración, os dereitos sociais, a identidade sexual, o feminismo, a memoria democrática, a lingua, os dereitos nacionais ou o imperialismo e a violencia -ou mesmo xenocidio-, exercido polos estados.

Todas estas cuestións son hoxe un terreo fertilizado pola extrema dereita e pola dereita que comprou totalmente ese discurso reaccionario, mais non só. A socialdemocracia e boa parte do espazo político á súa esquerda están tamén profundamente condicionados por esa deriva reaccionaria. En ocasións, como coartada para manter posicións inmovilistas; noutras, para limitarse a actuacións que, no mellor dos casos, implican avances tímidos e claramente insuficientes, e máis habitualmente, para recuperar dun xeito moi limitado unha parte dos dereitos arrebatados á clase traballadora, provocando frustración e desapego a quen puideron albergar expectativas de mellora nas súas condicións laborais e de vida.

Estamos, por tanto, nun escenario de involución democrática que entra directamente nas aulas e nos claustros dos nosos centros educativos. A política lingüística do PP, o discurso xenófobo e machista da dereita reaccionaria, a identificación das persoas migrantes como culpábeis do deterioro social, a lgbtfobia, o revisionismo franquista e o negacionismo climático son hoxe, xunto coa privatización do ensino e dos servizos públicos en xeral, batallas que temos que afrontar desde a CIG-Ensino. A estratexia do sistema radica en convencernos de que non podemos facer nada como docentes. Así, o fomento do individualismo (“o mellor docente”, “a mestra máis premiada”), a xerarquización (“o centro cos mellores resultados”, “a maior puntuación”), a meritocracia como medida para todo, a burocracia que anula boa parte da nosa función educativa, o control curricular e a saturación lectiva que nos abafa son algúns dos instrumentos desa estratexia.

1 No terreo sindical, a práctica dun modelo dócil e pactista por unha parte moi destacada do
2 movemento sindical -nomeadamente, polo que nos afecta, no conxunto de Europa e por
3 suposto no Estado español- conduce a unha desafección que incide colateralmente en quen
4 combatemos ese modelo de sindicalismo, limitando a capacidade de mobilización da clase
5 traballadora en xeral e do persoal docente en particular, especialmente cando unha boa parte
6 dos dereitos laborais teñen o ámbito estatal como referencia e non o marco galego de
7 relacións laborais que desde a CIG-Ensino defendemos.

8 1.2. A necesidade de superar os límites impostos a nivel estatal

9 O control do profesorado, a privatización e a centralización son os principais mecanismos para
10 dominar o sistema educativo no conxunto do Estado. Forman parte de todas as políticas
11 educativas practicadas desde o ámbito estatal, con independencia das alternancias
12 partidarias. Malia ser certo que hai diferenzas en determinados enfoques das leis xerais entre
13 os distintos gobernos do PP ou do PSOE (tanto en solitario como en coalición) non é menos
14 certo que os sistemas de elección das direccións dos centros, a libre designacións dalgúns
15 delas, a xerarquización do profesorado, o modelo dunha rede de centros concertados (que
16 nos sitúa á cabeza dos estados da UE en centros privados), a presenza da relixión nas aulas
17 ou a ausencia dunha verdadeira vontade negociadora, son elementos que vertebran a
18 actuación dos diferentes gobernos españois desde a transición até hoxe.

19 Nestes últimos anos vivimos unha serie de cambios na estrutura dos corpos docentes,
20 comezando cos que imparten na FP e agora cos vinculados ás ensinanzas artísticas, nos que
21 se evidenciou unha falta de compromiso para equiparar os dereitos do profesorado mesmo
22 cando realiza exactamente as mesmas funcións. Así acontece co desprezo ao novo corpo de
23 PESSFP, manténdoo nas mesmas condicións nas que estaba o extinguido corpo de PTFP, e
24 cunha actuación idéntica no caso dos e das mestras de taller de ensinanzas artísticas. A
25 negativa, ao longo destes dous últimos anos, a abrir unha negociación para a integración de
26 todo o profesorado no subgrupo A1 é boa mostra dun goberno estatal afastado das demandas
27 reais do persoal docente. Os recentes movementos ministeriais, coa creación de grupos de
28 traballo no seo da Mesa Docente estatal para, supostamente, desembocar nun Estatuto
29 Docente, dificilmente poden interpretarse como unha oportunidade para avanzar en
30 dereitos. O centralismo sindical, con matices mais sen excepcións, é tamén unha pexa
31 fundamental para poder acadar unha normativa estatal de mínimos que deixe a parte central
32 e fundamental da negociación do futuro profesional do profesorado galego no ámbito que lle
33 corresponde: no noso caso, na Galiza.

34 Acertamos cando analizamos criticamente a LOMLOE, que trouxo relativas melloras mais sen
35 moverse a un marco legal que asegurase avances reais nun ensino público sen concertos, coa
36 relixión fóra das aulas, incluso, fortemente financiado, con redución de ratios e melloras das
37 condicións de traballo do profesorado. O seu desenvolvemento nestes anos evidenciou que
38 nin se estivo á altura daquela, nin se está agora, para dar saída a vellas demandas do conxunto
39 da sociedade e, en particular, do profesorado.

40 A CIG-Ensino debe manter con firmeza unha posición crítica no referido a un posíbel Estatuto
41 docente de ámbito estatal. En primeiro lugar, porque apostamos por un Estatuto docente
42 galego, que permita que todas as decisións sobre o futuro da educación e do profesorado
43 galego se tomen no país. En segundo lugar, porque a experiencia no ámbito estatal só nos
44 ofrece un goberno central nada favorábel ás melloras nas condicións de traballo do persoal

1 docente, xunto cunha maioría sindical estatal tremendamente centralista. É por iso que os
2 que -como a CIG-Ensino- cuestionamos os corpos estatais e a negociación sometida a ese
3 ámbito, ficamos cun papel de limitada capacidade para anular o efecto centralizador da
4 negociación estatal.

5 O papel da CIG-Ensino no marco estatal debe incidir, na liña que vén sendo habitual, en levar
6 a voz da maioría do profesorado galego a Madrid cuestionando a invasión de competencias
7 no ámbito da negociación e ofrecendo propostas que evidencien que hai verdadeiras
8 alternativas ao que desde hai anos configura as regras de xogo da profesión docente. Na liña
9 do que se fixo na negociación da reforma do Real decreto de ingreso, para acomodalo ao
10 sistema excepcional vinculado á Lei 20/2021 no relativo á modificación dos corpos que
11 imparten na FP, ou na Lei de ensinanza artísticas, debemos colocar o persoal docente no
12 centro do debate, defendendo o ámbito galego de negociación e limitando a normativa
13 estatal a uns mínimos que non aten de pés e mans o profesorado galego no entanto o actual
14 marco legal non permita superala.

15 Especial importancia pode ter nesta fase o que aconteza na Mesa Xeral das Administracións
16 Públicas en referencia ao poder adquisitivo, logo da fraude do pacto retributivo 2022-2024
17 entre CCOO-UGT-Goberno que vén de rematar a súa vixencia facendo que os nosos salarios
18 se deprecien aínda máis. Tamén haberá que prestar unha especial atención á posibilidade de
19 que se negocie a implantación da xubilación parcial para o funcionariado, co precedente
20 preocupante dos recortes nesta modalidade a nivel xeral desde as reformas das pensións
21 pactadas novamente co sindicalismo estatal. Todo isto, nun panorama absolutamente
22 incerto no plano lexislativo e coa incógnita sobre o que poida dar de si a actual lexislatura.

23 1.3. Un marco galego condicionado: o peche de filas do PP e o colaboracionismo 24 sindical

25 Hai un padrón en toda a actuación do Partido Popular no marco das políticas educativas e en
26 materia de persoal a nivel galego que se pode resumir nestes elementos: aposta pola
27 privatización, desatención das demandas laborais do profesorado, desinterese polo exercicio
28 das propias competencias e inmovilismo ante o marco legal que vén dado desde Madrid, uso
29 absolutamente desproporcionado do aparato de propaganda e unha política lingüística
30 centrada na relegación programada do noso idioma no sistema educativo, co obxectivo posto
31 nun punto de non retorno no proceso de substitución lingüística no que tanto avanzaron
32 desde o ano 2009.

33 A ese padrón hai que engadir un elemento que non é menor: a convivencia sindical de tres
34 organizacións con representación na Mesa Sectorial (CCOO, ANPE e UGT) que, malia
35 conformaren unha limitada minoría, son quen de servir de fiel soporte e coartada ao poder
36 político, entrando en canto pacto se lles pon por diante, sexa retributivo ou de condicións de
37 traballo. A evidencia máis rotunda deuse co acontecido en outubro de 2023, cunha
38 negociación ás portas dunhas eleccións autonómicas que se saldou cunha entrega vergoñenta
39 deses sindicatos, renunciando ao compromiso co profesorado expresado nas eleccións
40 sindicais e nas folgas precedentes pola recuperación do horario lectivo.

41 A resposta colectiva do profesorado foi moi relevante, cunha participación nas folgas,
42 manifestacións e demais accións mobilizadoras por riba dunhas expectativas condicionadas
43 pola estratexia desmobilizadora das organizacións que traizoaron o profesorado. A CIG-
44 Ensino cargou no seu lombo, na práctica, coa totalidade do esforzo na mobilización (como

vén sendo habitual cando realizamos algunha acción sindical conxunta) o que nos ten que levar de novo a unha reflexión sobre a utilidade de actuar arrastrando a quen despois non se implica no traballo conxunto. A realidade sindical no ámbito do ensino galego amosa que, para alén de certas dinámicas de unidade de acción puntual que non podemos desbotar, debemos fixar un maior nivel de exixencia á hora de tecer alianzas, partindo dun feito constatado: todo o traballo sindical de axitación e mobilización nos centros educativos nestes últimos anos recaeu na CIG-Ensino. Esta evidencia debe condicionar as determinacións que tomemos de cara ao futuro.

A resposta da Consellaría, sustentada no inmovilismo, a propaganda e o apoio sindical confeso, xunto coa renovación nas urnas do goberno do PP, implican un peche de filas e un continuísmo nas políticas educativas que, no que respecta ao profesorado, poden derivar nun efecto de frustración e abandono provocado por unha percepción de incapacidade para mellorar as condicións laborais no futuro a curto e medio prazo. O papel da CIG-Ensino amósase novamente como crucial para evitalo; para servir como catalizador da resposta social e da loita contra o bloqueo político e o pactismo sindical; para superar, con propostas acaídas, todas as limitacións ás melloras que como colectivo docente e como sistema educativo precisamos.

O panorama a nivel galego está e estará condicionado, por tanto, pola aplicación do “acordo da vergoña” en materia de ratios, visto xa o escaso percorrido que a demanda do horario lectivo e a redución da burocracia ten para quen protagonizaron as renuncias no texto pactado. Denunciar a falta de avances e manter no centro do debate eses tres grandes elementos, xunto coa atención á diversidade, sen ceder nas nosas reivindicacións ten que servir como revulsivo para reafirmar a nosa liña de confrontación contra o poder e os seus cómplices e para romper ese inmovilismo. A atención específica a todos os procesos de privatización, sexa no ámbito da formación profesional ou na universidade, ten que centrar igualmente os nosos esforzos.

Un elemento central e fundamental no debate político con incidencia no ámbito educativo será o da política lingüística do goberno da Xunta e os efectos que esta poida ter no ensino. Nuns tempos que certamente temos definido como de emerxencia lingüística, e nun ámbito, o educativo, que é fundamental para reverter a situación provocada polas políticas do PP, emerxe un debate social que como sindicato debemos reforzar e dimensionar, tanto entre o profesorado como entre toda a sociedade: os cambios na normativa actual, desde a actualización do Plan xeral de 2004 ao Decreto de plurilingüismo. A estratexia inicial da Xunta, unha vez que se ve obrigada a dar unha resposta ao clamor social na defensa da lingua, é claramente dilatoria: prolongar os tempos duns grupos de traballo dos que non se coñecen nin composición nin criterios para a selección, excluír organizacións abertamente discordantes coa liña da política lingüística do PP e manterse no negacionismo da desfeita lingüística. A actuación da CIG-Ensino, da man de todas aquelas entidades e organizacións que defendan a superación do actual modelo de substitución lingüística, debe incidir na galeguización do sistema educativo, coa necesaria derogación do actual decreto e cunha aposta firme pola plena normalización lingüística do ensino.

As diferentes fronteas abertas no sector universitario, logo dalgúns logros moi relevantes conseguidos pola vía da negociación e da xudicialización dos conflitos coas tres universidades públicas, van requirir dunha especial atención. No ámbito estatal todo parece indicar que non existe unha verdadeira iniciativa por parte do Ministerio de Universidades para darlle un pulo

1 á negociación dun Estatuto do PDI, estancada ao pouco de comezar. Outras iniciativas
2 ministeriais parecen ir polo mesmo camiño. Con todo, o máis preocupante é, neste ámbito, a
3 profunda centralización da negociación de todo o marco xeral relativo ao PDI e as leis
4 universitarias.

5 No ámbito galego, as negociacións dun novo convenio colectivo do PDI Laboral, logo das
6 adaptacións normativas acordadas recentemente, son a cuestión principal na que debemos
7 centrar o traballo sindical, co obxectivo de unificar condicións e mesmo salarios entre as tres
8 universidades e, no camiño do traballo xa feito nestes últimos anos, reducir a precariedade.
9 Ao tempo, tamén será importante o que dean de si as resolucións das sentenzas pendentes
10 no Tribunal Supremo que afectan á UVigo e á USC (do persoal dos programas Margarita Salas
11 e María Zambrano, e pola suba salarial a todo o persoal destas universidades) logo dos bos
12 resultados nos acordos na UDC.

13 O ámbito do ensino privado segue a estar fortemente condicionado pola subordinación dos
14 dereitos das traballadoras e traballadores galegos do sector aos intereses sindicais e patronais
15 a nivel estatal. É sintomático que, máis alá dalgún convenio de empresa, todos os convenios
16 colectivos de aplicación no país sexan de ámbito estatal. Os procesos negociadores de todos
17 os convenios (como se demostrou recentemente nalgúns dos máis importantes polo número
18 de persoal afectado, como é o de atención a persoas con discapacidade ou o das escolas
19 infantís 0-3) amosa as limitacións do marco estatal e as súas consecuencias na precariedade
20 laboral e na perda de poder adquisitivo das traballadoras e traballadores do sector. O cambio
21 a nivel legal do Estatuto das e dos traballadores, establecendo a primacía dos convenios
22 autonómicos sobre os estatais, racha o discurso sindical das franquías galegas dos sindicatos
23 estatais, sempre contrarios a negociar en Galiza e tamén as escusas da patronal galega. Nesta
24 cuestión non podemos deixar á marxe un terceiro protagonista fundamental: a Xunta. O
25 goberno galego pode ter unha incidencia determinante, como administración da que
26 dependen boa parte dos servizos que prestan moitas empresas privadas vinculadas a
27 convenios do ensino privado, para fixar as bases dunha negociación a nivel galego.

28 Por tanto, cómpre prestar toda a nosa atención e traballo en promover a negociación
29 colectiva en Galiza, co obxectivo de superar as reticencias e negativas doutros sindicatos, da
30 patronal e da Xunta, ao tempo que concienciamos a todo o persoal do sector da necesidade
31 de romper co muro estatal e promover, por fin, o marco galego de relacións laborais que
32 desde sempre defendemos desde a CIG-Ensino.

33 2.- A defensa dun ensino en clave de País

34 2.1.- A soberanía que precisamos para definir o noso ensino

35 A soberanía é necesaria para construír un sistema educativo que non dea as costas á nosa
36 cultura e á nosa historia, facilitando o coñecemento e divulgación dos feitos históricos,
37 políticos, sociais e culturais determinantes na nosa existencia como nación durante séculos.

38 Precisamos un sistema educativo pensado en e para Galiza, fundamentado na nosa realidade
39 social, cultural, económica e lingüística, capaz de corrixir a españolización levada a cabo
40 historicamente no noso País, fuxindo das receitas homoxeneizadoras baseadas nos preceptos
41 do neoliberalismo, con sistemas educativos artellados polo capital, onde prima máis a suposta
42 excelencia e a competitividade que o desenvolvemento en condicións de igualdade e non
43 diferenciación das persoas.

Galiza precisa dun modelo educativo que poña en valor a nosa identidade como pobo e que supere as políticas que nos levaron á unha situación alarmante con respecto ao nivel de uso e dominio da nosa lingua por parte da poboación galega en xeral e, en particular, pola que está en idade escolar, como demostran as evidencias nas aulas e os distintos estudos demoscópicos.

Precisamos unha Galiza con poder de decisión e económico propio, unha Galiza non dependente do Estado que poida dedicar todos os recursos necesarios ao deseño do noso ensino, tanto na súa planificación como na organización.

É necesaria unha política educativa galega, libre de prexuízos que impidan a medra da conciencia nacional como pobo. É preciso pois, un ensino deseñado dende nós e pensado para nós, afastado dos modelos educativos actuais do estado español identificados na relegación e discriminación do noso idioma e cultura.

Temos claro que este modelo ten que ser público na súa totalidade e asentado na equidade e igualdade de oportunidades, así como laico, democrático, inclusivo e coeducativo.

Queremos un sistema educativo ao servizo da transformación social e do benestar das galegas e dos galegos: un sistema educativo que logre xerar pensamento crítico e reflexivo de cara a loitar contra unha sociedade individualista, consumista e globalizada, en favor dunha sociedade capaz de facer fronte ao pensamento homoxeneizante transmitido polos medios de comunicación e as redes sociais actuais, que non renuncie aos seus dereitos e liberdades e que defenda o seu medio natural.

En definitiva, un modelo que sexa quen de axudar a construír, desde Galiza, un mundo máis xusto e igualitario.

2.2.- A definición do ensino que queremos para o futuro de Galiza

O noso traballo sindical é ser elemento chave cara a construción dunha Galiza que desde o ensino público cree persoas activas, nunha ensinanza de País transformadora que poña o centro na erradicación da homofobia e do racismo formando as persoas na coeducación, na corresponsabilidade, no valor da multiculturalidade e na diversidade afectivo-sexual así como na protección do medio natural como alicerces para unha sociedade libre e avanzada.

Nesta tarefa decantámonos, como non podía ser doutra forma, por un sistema cento por cento público, xa que é o único que pode garantir a equidade e a igualdade de oportunidades entre as persoas; co fin de acadar unha sociedade máis xusta, máis solidaria e igualitaria, poñendo o foco en rematar coa perversa lóxica clasista de segregar, enfrontar e dividir.

O modelo educativo que defendemos debe partir da exclusión do feito relixioso (fóra do seu tratamento no currículo das Ciencias Sociais como fenómeno histórico e cultural), ser non sexista e deseñar a aula como espazo de debate e crecemento persoal. Debe enfocar o ensino público cara a promoción dun pensamento crítico-reflexivo, conxuntamente coa formación ética e social que fagan posíbel unha nova sociedade.

Desde a CIG-Ensino queremos un ensino público, galego e en galego, gratuíto, laico, coeducativo, inclusivo e democrático, cunha oferta de prazas suficientes en todos os niveis educativos nos centros públicos, que contará coa dotación de recursos materiais e de

- 1 profesorado dabondo en todas as especialidades, así como doutros perfís profesionais
2 necesarios para asegurar a máxima calidade educativa posíbel.
- 3 Por outro lado, consideramos que tería unha especial incidencia na normalización lingüística
4 o traballo concreto dunha serie de aspectos como a fixación duns currículos escolares cos pés
5 chantados na nosa realidade nacional, con contidos nos que Galiza sexa materia de estudo de
6 xeito que se coñeza e valore. Así mesmo, teremos presente a exigencia do establecemento
7 dun Plan de formación para o profesorado dirixido a acadar a normalización lingüística ou a
8 acreditación en lingua galega e a obriga de realizar, como mínimo, unha das probas en lingua
9 galega nos procesos selectivos de acceso á función pública docente. Tamén incidiremos na
10 necesidade do fomento da publicación de materiais didácticos en galego para todas as
11 materias e módulos profesionais.
- 12 Entendemos que o fomento dun sistema educativo galego de acordo coa nosa realidade
13 social, cultural, económica e lingüística, que asegure o dereito universal de todos os galegos
14 e galegas a unha educación pública de calidade de 0 a 18 anos, ten que ter en conta aspectos
15 fundamentais como:
- 16 • A normalización lingüística tanto no fomento do seu uso entre o estudantado como por
17 parte do profesorado, prestixiando o uso e o valor do noso idioma.
 - 18 • O establecemento dunhas ratios de alumnado por aula, fixando como ratio máxima no
19 primeiro ciclo de educación infantil 6 alumnos/as na idade de 0 a 1 anos, 10 alumnos/as
20 na idade de 1 ano e de 12 na idade de 2 anos. No segundo ciclo de educación infantil o
21 máximo de alumnado por aula será de 15. Na educación primaria e na secundaria
22 obrigatoria a ratio máxima establecerase en 20 mentres que esta sería de 25 para o
23 bacharelato e a formación profesional, a excepción da PF Básica que se reducirá a 15.
 - 24 • Oferta suficiente de prazas públicas de educación infantil de 0-3 anos para satisfacer a
25 demanda existente.
 - 26 • Atención á diversidade, apoio e reforzo educativo, garantindo a inclusión de todo o
27 alumnado en todas as etapas, dotando os centros cos servizos materiais e humanos
28 necesarios e con suficiente profesorado de apoio.
 - 29 • Rede de orientación educativa acorde co mapa de centros actual, que teña en conta as
30 particularidades do rural e estableza un máximo de alumnado que atender por parte do
31 profesorado especialista de Orientación, así como máximo de centros adscritos.
 - 32 • Garantía da escolarización no medio rural. Con esa finalidade, elaborárase un mapa
33 escolar do ámbito rural que garanta a escolarización das crianzas na súa contorna, o
34 mantemento das escolas unitarias e uns cadros de persoal específicos, así como
35 transporte e comedor para o alumnado que o necesite.
 - 36 • Planificación dunha estratexia coeducativa integral, que vaia desde a adaptación dos
37 currículos e a oferta de materias específicas, até a dotación de recursos nos centros.
 - 38 • Gratuidade do material didáctico que se empregue nas aulas para todo o alumnado de
39 educación infantil, primaria, ESO, FP básica.

- Xestión democrática dos centros, mediante a elección democrática e directa das direccións dos centros, promovendo o traballo en equipo e a decisión colexiada nos órganos de goberno.
- Oferta ampla e variada en todos os centros públicos de actividades extraescolares gratuítas que serán impartidas por persoal específico e cualificado, dependente da propia administración, que garantirá o transporte público para a realización destas actividades.
- Elaboración dunha lei do transporte escolar de Galiza para garantir este dereito en todos os niveis educativos, nomeadamente nas zonas rurais que non contan con transporte público regular. A organización e a regulación dos itinerarios non poden condicionar o horario e a xornada dos centros.
- Unha nova planificación da formación profesional, acorde coas necesidades reais do País, con diversificación e garantía dunha oferta suficiente na rede pública, suprimindo os concertos educativos co ensino privado, para satisfacer a demanda existente e atender as necesidades do tecido industrial e dos sectores estratéxicos da nosa economía, contribuíndo así a fomentar e a desenvolver as nosas potencialidades económicas.
- Extensión da rede das escolas oficiais de idiomas mediante a creación de novas escolas e ampliación das existentes.
- Promoción da integración dos conservatorios de música municipais na Consellaría de Educación.
- Avance na difusión do portugués no sistema educativo, garantindo a obriga de ofertalo en todos os centros.
- Estabelecemento de políticas de axudas para todas as ensinanzas postobrigatorias que garantan a igualdade de oportunidades do alumnado, paliando as diferencias tanto xeográficas como socio-económicas.

3.- A acción sindical

A acción sindical ten moitos camiños, todos eles co obxectivo da mellora das condicións das persoas traballadoras vinculadas á federación do ensino. En ningún caso debemos perder a perspectiva de entender o sindicato como instrumento de loita, de poder e de cambio en mans da sociedade galega. Todos os procesos de asesoramento que ofrecemos á nosa afiliación son imprescindíbeis no eido laboral, pero non podemos simplificar a utilidade do noso traballo á solución de problemas individuais que, sendo necesario resolver, non poden converterse no noso obxectivo, senón no camiño de cara á mellora das condicións de traballo de todo o colectivo docente.

A nosa acción sindical pasa polo tanto por un labor de concienciación constante no ensino sobre a necesidade dun respaldo sindical. Temos que sensibilizar ás novas xeracións de profesorado sobre o poder de cambio que ten o sindicato como colectivo organizado.

3.1. O traballo sindical no ensino público

No ámbito do ensino non universitario, a CIG-Ensino seguirá defendendo un ensino público galego, gratuito, laico, feminista, democrático, coeducativo e inclusivo; que eduque dende

1 unha perspectiva crítica e para a paz, a conservación do medio ambiente, a igualdade a
2 solidariedade e a xustiza social.

3 A valorización do profesorado galego, coa súa defensa desde unha perspectiva de clase, será
4 o eixo principal da acción sindical da CIG-Ensino. Por ser unha organización sindical
5 nacionalista, pensada por e para o noso país, apostaremos por uns marcos de negociación
6 exclusivamente galegos, nos que o profesorado sexa quen tome as decisións, con capacidade
7 total para legislar a favor do ensino público galego e satisfacer as reivindicacións laborais e
8 educativas do profesorado.

9 Aínda así, a CIG-Ensino levará a voz da maioría do profesorado galego aos grupos de traballo
10 que forme o Ministerio, exixindo que calquera normativa que se pretenda implantar no marco
11 estatal teña un carácter de mínimos e só sobre aspectos vinculados a cuestións básicas
12 relacionadas co carácter estatal dos corpos docentes. Partindo desta condición de marco
13 regulatorio mínimo, este debe ser a única referencia lexislativa a nivel estatal, evitando
14 supeditar aínda máis a profesión docente a unha normativa actualmente de rango superior
15 como é o Estatuto básico do emprego público.

16 O mellor exemplo da ineficacia das leis estatais, que non teñen en conta a realidade galega e
17 en particular a do ensino, foi a Lei 20/2021 de medidas urxentes para a redución da
18 temporalidade no emprego público. Unha lei pensada para todos os empregados e
19 empregadas públicas en xeral, que deu lugar a modificación do RD 276/2007 de acceso e
20 supuxo unha tremenda limitación para dar resposta ao problema da inestabilidade no
21 profesorado galego, xa que adaptar as condicións de ingreso do persoal docente a unhas
22 normas xerais para todo o funcionariado non serve ao estar afastadas dos intereses e
23 realidades propias.

24 Tamén se evidenciou con dita lei que mentían quen desde hai anos, tanto desde os gobernos
25 como sobre todo desde organizacións sindicais estatais, negaron a viabilidade legal da
26 proposta de CIG-Ensino dun proceso extraordinario de acceso de dobre vía.

27 A realidade actual é que non se deu estabilidade a moito profesorado interino que na propia
28 lei se cualifica como de longa duración, non se fixaron criterios para que isto non siga
29 acontecendo nin se depuraron responsabilidades políticas pola mala xestión. A CIG-Ensino
30 seguirá sen asinar ningunha modificación do acordo de persoal interino mentres este non
31 recolla unha cláusula que garanta a súa estabilidade, pero asumirá a responsabilidade de
32 poñer enriba da mesa propostas que teñan encaixe legal e sirvan para dar resposta a
33 situacións de longas interinidades que poden conducir ao desemprego. Ao tempo, promoverá
34 alternativas ao actual sistema de ingreso que reforcen o recoñecemento da experiencia
35 profesional no ensino público, tanto na fase de concurso como no deseño das probas da fase
36 de oposición, que se deben centrar en aspectos competenciais sobre o exercicio da función
37 docente no canto de ser, como acontece actualmente, unhas probas afastadas da realidade
38 coa que como docentes nos atopamos nas aulas.

39 A necesidade urxente da identificación de todas as vacantes estruturais dos centros non
40 atinxe soamente ao persoal interino na determinación das prazas que deben ser ofertadas
41 nos procesos selectivos, senón que tamén é imprescindible o seu coñecemento para proceder
42 á súa oferta nos concursos xerais de traslados ou de destinos provisionais. Desde as xuntas
43 de persoal seguiremos insistindo na obrigatoriedade da administración de informarnos sobre

o carácter estrutural ou non das vacantes e a darnos explicacións sobre a necesidade de ofertarse nos distintos concursos.

A CIG-Ensino manterá o obxectivo histórico de que todo o profesorado debe formar parte dun corpo único docente dentro do grupo funcional de maior grao (A1). Os cambios provocados pola LOMLOE e a Lei Orgánica de FP coa extinción do corpo PTFP e a integración no corpo de PES e a creación do novo corpo de PESSFP, e os que se aveciñan coa nova estrutura de corpos docentes derivados da Lei de ensinanza artísticas, reforza a nosa posición sobre a necesidade da conformación dun único corpo coas correspondentes competencias docentes nas etapas educativas actuais. Como paso intermedio, debe promoverse a integración de todas as mestras e mestres no grupo A1. Nos restantes corpos, de manterse a titulación de diplomatura ou enxeñería técnica como mínima para a integración, deben habilitarse medidas tendentes á progresiva integración de todo o profesorado que careza de titulación universitaria, articulando medidas que favorezan a consecución desa titulación, sen acoutar os prazos e permitindo a súa integración en calquera momento, co pagamento dun complemento compensador transitorio até acadar dita integración.

Por dignidade, por coherencia e por compromiso, a CIG-Ensino levantou a voz, e así o seguirá a facer nos vindeiros cursos, contra un acordo mal denominado “de melloras”, asinado por CCOO, ANPE e UGT, que o que fai é renunciar a recuperar dereitos roubados e a mellorar as condicións laborais do profesorado sen avanzar cara un ensino inclusivo que atenda verdadeiramente as necesidades educativas do alumnado.

A recuperación do horario lectivo do profesorado, unha redución das ratios que comece a aplicarse xa en todas as etapas e sen admitir excepcións, a axeitada atención á diversidade e a formulación de medidas concretas para a redución da burocracia seguirán sendo os piares na loita sindical da CIG-Ensino dos próximos anos.

A perda de poder adquisitivo do profesorado galego tamén é froito de vergoñentos acordos sindicais con gobernos tanto do PP como do PSOE, chegando a ser nos últimos quince anos do 20%. Foi indignante o acontecido non últimos tres anos, cando se asina un acordo non vinculado ao IPC nun momento en que estaba especialmente disparado, e fai que a perda de poder adquisitivo do profesorado sexa do 2,3% desde o 2022. A proposta da CIG foi entón, e é agora, subir un 5% os salarios, cunha cláusula de revisión salarial ao final de cada ano, xa que precisamos ter unhas retribucións dignas nas que, baixo ningún concepto, se acepte que perdamos poder adquisitivo e teñamos que asumir os recortes como un sacrificio necesario e complementario a ter un emprego público. Máis alá do desfase das nosas nóminas coa evolución do poder de compra, tamén debemos ter presentes que as empregadas e empregados públicos galegos somos os únicos de todo o Estado aos que non se nos devolveron os cartos recortados nas pagas extras entre 2012-2016 e que a Xunta segue a negarse a negociar un plan de recuperación. Tamén se negaron estes anos, e seguen a facelo os diferentes gobernos estatais, a regular a recuperación das retribucións básicas íntegras na contía das pagas extraordinarias.

A lingua, o noso maior sinal de identidade, será o cerne da nosa acción sindical, na que redobraremos esforzos para reconducir a situación actual. Manterémonos firmes para isto na loita pola defensa do galego, na sensibilización polo seu respecto do profesorado e na decidida exixencia ao Goberno galego, a quen consideramos o maior responsábel desta

1 situación, para que cumpra coa normativa existente, atenda as recomendacións europeas e
2 vire o rumbo nas súas políticas lingüísticas para, así, recuperar os espazos perdidos para a
3 nosa lingua no camiño dunha situación de normalidade lingüística.

4 No momento da elaboración deste documento estase a negociar o I Plan de igualdade da
5 Consellaría de Educación, con anos de atraso na súa posta en marcha e unha demora
6 inxustificada na elaboración, sen dispoñermos aínda de datos para a análise inicial
7 transcorrido máis da metade do prazo legalmente establecido para a súa aprobación.

8 A CIG-Ensino constitúe a maioría sindical na parte social da comisión negociadora. Contra a
9 desidia da administración, loitará por aprobar un texto que recolla medidas relevantes e
10 avaliábeis. Un plan que dote do orzamento preciso para desenvolver ferramentas que no
11 curto e medio prazo melloren as condicións laborais do conxunto do profesorado, e de xeito
12 máis notorio, das mulleres, xa que son elas as que padecen as consecuencias de carecer de
13 mecanismos que garantan a igualdade de trato e oportunidades en cuestións chave como a
14 conciliación familiar e corresponsabilidade, a promoción profesional, a igualdade retributiva
15 (cobro de complementos, excedencias, reducións de xornada...) e a prevención do acoso
16 sexual ou por razón de sexo, saúde laboral etc.

17 A nosa acción sindical traballará na formación do profesorado, xa que sempre a entendemos
18 como base para a mellora do sistema educativo. Consideramos fundamental a súa
19 actualización en canto a contidos e metodoloxías didácticas e, polo que se impón a través da
20 lexislación en vigor, tamén ao dominio dunha serie de competencias docentes que de maneira
21 imperiosa se lle están requirindo ao colectivo docente.

22 Dentro das competencias docentes, cabe destacar as dixitais, que xa na actualidade están
23 sendo recoñecidas como mérito nos concursos de traslados e que en breve o serán tamén a
24 efectos de sexenios. Ante o proceso de recoñecemento actual destas competencias, que de
25 xeito atropelado, pouco transparente e con criterios moi discutíbeis se está levando a cabo
26 pola Consellaría, desde a CIG-Ensino velaremos porque se corrixan estas eivas e exixiremos
27 que se teñan en conta as achegas do profesorado, dando cabida á representación sindical a
28 través da Mesa Sectorial Docente e das posíbeis comisións que se convoquen a estes efectos.
29 Neste sentido, a nosa acción sindical dirixirase á defensa dun profesorado ao que se lle exige
30 cada vez máis, mentres que se actúa de xeito mesquiño en canto ás melloras das súas
31 condicións laborais, ao tempo que se fomenta unha carreira profesional estratificadora e de
32 competencia entre o colectivo docente.

33 Por outro lado, queremos subliñar que desde a CIG-Ensino, cun modelo formativo alternativo
34 ao da administración educativa, lle dedicamos unha especial atención a temas centrados na
35 nosa realidade histórica, lingüística e cultural. Entendemos que se queremos achegar
36 afectivamente o alumnado ao noso país é requisito previo que o profesorado teña
37 coñecementos e unha actitude positiva cara a el. Ao mesmo tempo, traballamos contidos
38 transversais como o respecto ao medio ambiente, as identidades sexuais ou a coeducación.
39 Un profesorado formado e sensibilizado será un axente máis do cambio que precisa a nosa
40 sociedade en relación a estes aspectos.

41 Partindo da situación actual e da necesidade de acadar melloras laborais, a acción sindical da
42 CIG-Ensino no ensino público nos próximos catro anos estará centrada nas seguintes medidas:

- 1 • Garantir a dotación orzamentaria suficiente, co obxecto de dedicar o 7% do PIB galego á
2 educación galega para facer real e efectivo o dereito universal e gratuíto a unha educación
3 pública e de calidade.
- 4 • Incorporar nos orzamentos da Xunta o pagamento dos meses de verán ao profesorado
5 substituto que traballe cinco meses e medio, así como destinar unha partida a estender o
6 pagamento dun complemento compensador ao profesorado do corpo de PESSFP.
- 7 • Fixar un calendario de aplicación da nova Lei de ensinanzas artísticas que permita que se
8 poida desenvolver na súa integridade nun prazo máximo de dous anos, tanto no referente
9 ás ensinanzas como aos cambios relacionados co profesorado.
- 10 • Recuperar as pagas extras íntegras e establecer unha cláusula de revisión salarial que
11 asegure, como mínimo, a suba anual dos salarios igual ao IPC.
- 12 • Establecer unha xornada semanal máxima de 35 horas para todo o profesorado.
- 13 • Recuperar o horario lectivo de 21 e 18 sesións que tiñamos no 2012 nos distintos corpos,
14 como camiño cara ás 18 sesións de 50 minutos en todos os corpos.
- 15 • Reducir a xornada e o horario lectivo ao profesorado maior de 55 anos sen diminución das
16 súas retribucións.
- 17 • Recuperar a xornada matinal reducida de catro horas nos meses de xuño e setembro nos
18 centros que imparten ensinanzas de infantil e/ou de primaria.
- 19 • Mellorar as ratios actuais e futuras derivadas da aplicación do acordo de renuncias e
20 implantalas de forma inmediata ao comezo de cada etapa.
- 21 • Reducir as ratios de alumnado a 25 nas ensinanzas de réxime especial e nas ensinanzas de
22 FP, a 30 nas modalidades de FP a distancia e a 15 na FP básica, tendo en conta que se
23 poderán reducir en función da tipoloxía de ciclo, ou naquelas materias artísticas ou
24 musicais que impliquen a necesidade de atención en grupos reducidos.
- 25 • Reducir a ratio a 4 alumnos e alumnas por aula nos centros de educación especial e nas
26 aulas específicas.
- 27 • Garantir unha persoa orientadora cada 250 alumnos e alumnas.
- 28 • Reducir a ratio máxima ordinaria da aula se nesta hai alumnado repetidor e alumnado con
29 necesidades educativas, mellorando a limitación actual e incorporando aquel alumnado
30 con NEAE que así o determine un informe vincularle do Equipo de Orientación Específico,
31 previa solicitude do centro a través do departamento de Orientación.
- 32 • Aplicar de forma inmediata as ratios máximas das aulas mixtas en infantil e primaria.
- 33 • Ampliar os cadros de persoal dos centros, para unha mellor atención educativa que garanta
34 especialistas en todos os centros e se posibiliten desdobramentos, reforzos e optatividade
35 das materias.
- 36 • Garantir unha atención á diversidade real, con maior dotación de recursos, especialmente
37 de persoal (Orientación, PT e AL) e de formación.

- 1 • Potenciar a función titorial en todas as etapas, con medidas precisas como a redución
2 horaria ou a formación específica.
- 3 • Recoñecer a figura de responsábel de centro de menos de tres unidades con puntuación a
4 efectos de CXT, liberación horaria para as tarefas burocráticas e equiparación salarial coa
5 figura de dirección.
- 6 • Xestionar as substitucións das baixas desde o día seguinte ao que se comunican, garantindo
7 a súa inmediata cobertura cunha xestión diaria dos chamamentos.
- 8 • Recoñecer as enfermidades profesionais do profesorado, coa elaboración dun cadro de
9 enfermidades laborais e aplicando no ensino os dereitos contemplados na Lei de
10 prevención de riscos laborais, como a avaliación dos riscos laborais inherentes á profesión
11 docente.
- 12 • Regular, previa negociación, as condicións laborais, pedagóxicas, técnicas e materiais para
13 a teledocencia, tanto para o réxime ordinario como en situacións extraordinarias
- 14 • Regular a impartición de materias afíns, limitándoas aos ámbitos de coñecemento.
- 15 • Derrogar o Decreto do plurilingüismo e negociar un plan que volva, como punto de partida,
16 ao consenso do Plan xeral de normalización lingüística de 2004.
- 17 • Ofertar a especialidade de galego en todas as escolas de idiomas e nas súas extensións.
- 18 • Demandar a promoción e extensión da oferta de portugués co obxectivo de incluílo en
19 todos os centros, e aumentar a oferta de prazas de oposicións e do CXT.
- 20 • Ampliar e mellorar a oferta de programas de lingua estranxeira, nomeadamente de
21 portugués.
- 22 • Mellorar as condicións laborais e de formación das auxiliares de conversa, garantindo a súa
23 presenza en todos os centros e linguas
- 24 • Garantir, por parte da Consellaría, o dereito a unha formación continua do profesorado
25 gratuíta, realizada en horario lectivo e laboral, centralizada nos propios centros educativos
26 e que, desde unha perspectiva de renovación pedagóxica e galeguización do ensino,
27 atenda as necesidades do profesorado galego.
- 28 • Eliminar a taxa de reposición e facer ofertas amplas de emprego, para dar resposta ás
29 necesidades dos centros, facilitar a atención á diversidade e rematar coa precariedade e
30 temporalidade do profesorado.
- 31 • Incrementar o número de prazas do Mestrado do Profesorado nas universidades públicas
32 galegas, así como do curso de especialización pedagóxica e didáctica para o profesorado
33 do corpo de PESSFP.
- 34 • Reducir a burocracia con medidas concretas, incorporar persoal non docente para funcións
35 específicas e ampliar a redución de horario lectivo para os distintos cargos docentes.
- 36 • Recoñecer a todos os efectos (redución de horario, puntuación no CXT e pagamento dun
37 complemento) as distintas figuras de coordinación (como a de Igualdade, a de Formación
38 ou a de Programas internacionais nos IES), así como as xefaturas de departamentos de

Segunda lingua estranxeira diferente de Francés, de Ámbitos comúns da FP básica nos CIFP, ou de ciclos de FP en centros de educación especial.

- Dotar os centros de persoal coidador suficiente e reforzar onde se precise con figuras profesionais específicas de intervención e integración social.
- Permitir o uso do comedor escolar polo profesorado, o cal, xunto coa chegada e saída do transporte escolar, debe estar atendido por persoal específico non docente dependente da administración e coa cualificación correspondente.
- Ampliar o dereito á xubilación anticipada á todo o profesorado galego, independentemente do seu réxime de cotización, aos 60 anos de idade.

3.2. O traballo sindical no ensino universitario.

O sector universitario segue tendo moitas eivas á hora de tirar proveito da acción sindical, especialmente pola supeditación dos espazos de negociación no seo das universidades aos límites fixados na lexislación estatal e autonómica, o que incide na precariedade de certos colectivos nas tres universidades públicas do noso país.

A coordinación da acción sindical está en mans das representantes das persoas traballadoras que, en cada universidade, teñen iniciativa de actuación de cara á mellora das condicións laborais.

A articulación de propostas conxuntas e unha visión e actuación sindical global no ámbito galego vese dificultada tanto internamente como no conxunto do PDI do sistema universitario galego pola práctica inexistencia de ámbitos globais de negociación.

Actualmente, a vía xudicial continúa sendo unha alternativa moi presente para conseguir o recoñecemento de dereitos que na negociación se nos pechan a todos os niveis (estatal, galego e de cada universidade). Se non se produce un cambio nesta dinámica teremos que reforzala e afinala. Varias sentenzas gañadas polo sindicato abriron expectativas para que o persoal docente e investigador poida ver garantidos os seus dereitos.

Nos últimos anos fíxose un esforzo por mellorar a comunicación interna co conxunto do PDI en canto a informar sobre as actuacións levadas a cabo e, por outro lado, estableceéronse canles para poder coordinar as propostas de mellora que os distintos colectivos docentes das tres universidades trasladan ao sindicato. Continuar con esta dinámica e fortalecela, partindo da posta en común e da coordinación entre todas e todos os cadros sindicais, debe seguir sendo un dos nosos principais cometidos.

O camiño trazado debe continuar na mesma liña, debemos ser quen de trasladar as nosas iniciativas ao conxunto do PDI galego, especialmente nun momento no que temos abertas varias fronteiras moi relevantes logo da publicación e entrada en vigor da Lei orgánica 2/2023, de 22 de marzo, do sistema universitario, coñecida como LOSU.

As nosas actuacións no ámbito ministerial pasan actualmente pola negociación do novo estatuto do PDI na Mesa de Universidades do Ministerio, na que centramos as nosas propostas en loitar pola regulamentación sobre funcións e actividades docentes e non docentes, na dedicación (velando pola intensificación, diversificación e compatibilidade) ou na mobilidade. Así mesmo, neste ámbito temos en conta o que non se regula nos borradores

1 presentados polo ministerio en canto a temas salariais, dereitos lingüísticos ou mobilidade,
2 entre outros.

3 Tamén temos aberto outro proceso de participación co goberno central nunha comisión de
4 traballo para establecer o 1% do PIB para as universidades públicas, no que poñeremos o
5 foco do debate no conxunto do persoal docente que traballa nelas. O seu infrafinanciamento,
6 como ben coñecemos no caso de Galiza, hipoteca o presente e o futuro da docencia e a
7 investigación nas universidades públicas e provoca unha alta precariedade do seu persoal.
8 Continuaremos a participar nas reunións sempre que poidan ter unha utilidade de cara á
9 mellora das condicións laborais do persoal docente universitario.

10 Está tamén en marcha o funcionamento, case testemuñal, dun grupo de traballo creado
11 para tratar o desenvolvemento da LOSU. Teremos que prestar moita atención e analizar e
12 resolver os problemas que se poidan estar a producir coa nova figura de profesorado
13 substituto, (evitando que se converta nunha nova modalidade de precarización e abuso de
14 temporalidade), as diferenzas existentes nas condicións laborais entre o profesorado
15 axudante doutor anterior e posterior á LOSU, ou a compatibilidade de certos contratos.
16 Debemos insistir na necesidade de crear a Mesa Sectorial no Ministerio de Universidades
17 que teña unha clara intención negociadora, aínda que isto supoña unha modificación do
18 EBEP.

19
20 No ámbito de negociación en Galiza, e derivado dos cambios normativos da LOSU, estamos
21 no proceso de adaptación do Convenio colectivo do PDI laboral. Desde o sindicato
22 propoñemos un novo texto de negociación que vaia máis alá dos cambios normativos e que
23 dignifique o persoal docente das tres universidades tendo un convenio xusto para estar,
24 como mínimo, á altura do Estatuto das persoas traballadoras. Froito dos debates sobre a
25 adaptación do convenio ao actual marco lexislativo, conseguimos finalmente, malia as
26 reticencias das universidades públicas, que a negociación dun novo convenio bote a andar.
27 O obxectivo sindical non pode ser outro que dar resposta a determinadas desigualdades
28 existentes na actualidade e en reforzar os dereitos do PDI.

29
30 Seguimos tendo que denunciar que o goberno galego amosou de novo falta de apoio ao
31 público, permitindo a creación da Universidade Intercontinental da Empresa (UIE)
32 promovida por Abanca e aprobada polo Parlamento Galego co único apoio do PP. O que
33 naquel momento supuxo un claro retroceso na aposta polo ensino público, hoxe agrávase
34 cunha ampliación da oferta de titulacións concordantes coas xa existentes nas universidades
35 públicas. O afán privatizador do Partido Popular non vai parar aí, como xa denunciámos
36 publicamente cando identificamos os intereses empresariais vinculados a CESUGA como
37 candidata a unha nova autorización como universidade privada. A previsión dunha nova Lei
38 de universidades galega pode servir para abrir definitivamente as portas, se o PP opta por
39 seguir co modelo promovido polo PP en Madrid, a aumentar a privatización do sistema
40 universitario galego, ao que como sindicato nos oporemos frontalmente.

42 3.3. O traballo sindical no ensino privado

43 A CIG-Ensino vén sendo un referente, con cada vez maior peso, na defensa dos dereitos das
44 persoas traballadoras nos distintos sectores do ensino privado. Á hora de negociar os
45 convenios deste sector, debemos combater o que neles se recolle como froito das últimas

1 reformas laborais pensadas para desfavorecer á clase traballadora. Cómpre resaltar que as
2 condicións laborais vense especialmente atacadas polas limitacións dunha negociación
3 colectiva de ámbito estatal, afastada da clase traballadora, coa que a CIG-Ensino sempre
4 estivo en desacordo xa que entende que se debe primar o marco galego de negociación,
5 nomeadamente neste momento de supremacía dos convenios autonómicos sobre os estatais.
6 Pola contra, outras organizacións sindicais estatais veñen asinando acordos cómplices cos
7 poderes económicos que implican continuos retrocesos nas condicións laborais da clase
8 traballadora. Estes retrocesos víronse especialmente agravados durante a crise sanitaria, á
9 que seguiron sucesivos conflitos bélicos internacionais. Ambas as realidades acabaron por
10 converxer nunha crise económica que repercutiu finalmente nas clases sociais menos
11 favorecidas.

12 A referencialidade e visibilidade da CIG-Ensino no sector privado debe continuar ampliándose
13 e medrando tanto en afiliación como no número de persoas delegadas. Para isto, é necesario
14 ampliar as visitas a novas empresas e procurar que as persoas delegadas se sintan apoiadas e
15 asesoradas de xeito que poidan manterse activas fronte ás patronais, que en xeral se aliñan
16 con outras organizacións sindicais. Neste sentido, debemos ter presente a importancia de
17 suscitar nas nosas delegadas e delegados un maior achegamento ideolóxico á CIG que
18 supoña, á súa vez, unha actitude máis comprometida e unha implicación activa co noso
19 traballo.

20 A CIG-Ensino baseará a súa acción sindical no ensino privado nos seguintes eixes centrais:

- 21 • Convenio único galego para todo o ensino privado ou, cando menos, para aqueles
22 sectores nos que o financiamento depende das administracións galegas.
- 23 • Mantemento da liña de traballo realizado nos últimos anos no que respecta á acción
24 sindical no sector, reforzando a nosa presenza e visita aos centros. Deste xeito,
25 poderemos manter informadas e implicadas ás traballadoras e traballadores de cada
26 empresa a través da realización de asembleas. Ademais, a presencialidade nos centros
27 tamén contribuirá a manter unha comunicación máis fluída e eficaz coas persoas
28 delegadas e afiliadas de cada centro de traballo.
- 29 • Exixencia do estrito cumprimento da lexislación actual en materia laboral. Prestaremos
30 especial atención ao que ten a ver coa adopción de medidas concretas contra a violencia
31 de xénero, coa aplicación da Lei de igualdade e a conseguinte participación e promoción
32 de plans de igualdade ou coa Lei de prevención de riscos e saúde laboral. Vixiaremos
33 tamén de xeito atento o respecto pola liberdade sindical en todos os centros de traballo,
34 teñan ou non representación da CIG-Ensino.
- 35 • Realización dunha acción sindical baseada na información puntual e na participación
36 activa e directa dos colectivos afectados diante de conflitos concretos ou da mesma
37 negociación colectiva. Así mesmo, promoveremos as mobilizacións oportunas cando as
38 situacións nolo demanden e teremos presente o reforzo da participación nas redes
39 sociais, cada vez máis precisas.

40 **Centros de ensino concertado**

41 Malia as dificultades para desenvolver o noso traballo sindical no ensino concertado,
42 provocadas polas frecuentes trabas de patronais e direccións, debemos manter a nosa liña de
43 traballo, que cada vez comparten máis traballadores e traballadoras. Neste sentido, a nosa

postura é clara en canto á reivindicación dunha única rede pública e á oposición aos concertos, como tamén o é, paralelamente, a nosa defensa inequívoca dos dereitos laborais e salariais do persoal traballador.

A finalidade da nosa acción sindical no sector pasa pola defensa da súa integración nunha única rede pública, como vía para acadar a homologación real de dereitos laborais e salariais, polos que tamén estamos a traballar na negociación colectiva a través do seu convenio colectivo estatal de aplicación. Mentres non academos ese obxectivo, seguiremos exixindo que os centros concertados non empreguen os fondos públicos que reciben das diferentes administracións para despedir e vulnerar dereitos do persoal traballador, como acontece en numerosas ocasións.

Para acadar os nosos obxectivos, basearemos a nosa acción sindical na negociación inmediata dun novo acordo de mantemento de emprego, na procura da resolución de todos os problemas e conflitos actuais establecidos arredor dos salarios e outras condicións laborais, como a paga extra de antigüidade, a recuperación do IPC perdido, os recortes salariais ou o cobro de complementos por cargos e funcionais, entre outros. Tamén reclamaremos un maior control, cos mecanismos adecuados, sobre o diñeiro público empregado e sobre as xestións dos centros e as súas condicións. Na mesma liña, defenderemos a extensión do pago delegado ao persoal non docente e insistiremos na aplicación dos regulamentos orgánicos do ensino público e na democratización do funcionamento dos órganos pedagóxicos e de participación dos centros. Ao tempo, seguiremos pelexando pola consecución dun convenio específico galego como única maneira de defender o marco galego de negociación e de acadar un convenio digno para o persoal traballador que recoñeza a nosa pluralidade nacional, así como as competencias no sector.

Centros de atención á diversidade e de protección e reforma de menores

Unha das consecuencias das políticas neoliberais é a continuada privatización dos servizos públicos que se está a desenvolver nos últimos anos de xeito programado e consciente. Vemos día a día como moitos dos servizos con marcado carácter social pasan a mans de empresas privadas ou, no mellor dos casos, a entidades sen ánimo de lucro e subvencionadas. Estas finalmente acaban aplicando criterios puramente empresariais, máis centrados na rendibilidade que na necesidade dunha correcta prestación.

Os centros de atención a persoas con discapacidade, os centros de protección e reforma de menores, ou incluso as escolas infantís de 0-3 (agora todas subvencionadas pola Xunta) son algúns exemplos desta lamentábel situación. É por iso que se fan necesarias campañas públicas de denuncia e mobilización ante as políticas de privatización que continúa a aplicar o Partido Popular nos seus gobernos.

Dende a CIG-Ensino, como sindicato maioritario na Galiza nos sectores de servizos de atención á diversidade e de protección e reforma de menores, seguiremos defendendo os dereitos do persoal traballador que representamos no marco estatal de negociación. Con todo, a nosa prioridade será seguir intentando forzar un marco galego de negociación co fin de acadar obxectivos como o de abrir a negociación dun convenio galego en cada sector que recolla condicións salariais e laborais dignas. Ademais, exixiremos á administración galega que asuma na súa totalidade os servizos deste tipo de centros baixo a súa xestión, como centros públicos a todos os efectos, e o mantemento dos postos de traballo do persoal actual. A CIG-Ensino

1 reivindicará, en última instancia, a creación dun Sistema Público Galego de Servizos de
2 Atención ás Persoas.

3 **Centros de Educación Infantil 0-3 e outros centros privados**

4 O resto de convenios estatais que contempla o sector do ensino privado tamén se
5 caracterizan polas malas condicións de traballo. Neste sentido, podemos destacar o Convenio
6 de educación infantil 0-3 (polo importante número de empresas e traballadoras afectadas),
7 así como os do ensino non regulado, das escolas de música, das academias de perrucaría ou
8 de artes escénicas, ou o das autoescolas. É frecuente atopar neste tipo de centros unha alta
9 inestabilidade laboral e unha gran presión por parte das patronais, que con moita frecuencia
10 non respectan nin sequera as pésimas condicións laborais dos respectivos convenios, nados
11 baixo a sinatura cómplice dos sindicatos estatais.

12 Os convenios destas empresas están condicionados polo seu carácter estatal, agás algúns de
13 empresa, de xeito que limitan a nosa capacidade de influencia afastándonos do marco propio
14 e desenvolvéndose nun escenario alleo á nosa realidade. Deste xeito, a CIG-Ensino queda, en
15 moitas ocasións, nunha posición minoritaria, mesmo en sectores nos que é maioritaria no
16 noso país.

17 Por outra banda, hai que ter en conta as regresivas reformas laborais dos últimos anos e o
18 entreguismo doutras organizacións sindicais estatais a través do mal chamado “diálogo
19 social”.

20 Ante esta situación, debemos seguir sumando esforzos e gañando espazos na
21 representatividade sindical e social dentro de cada un dos sectores para tratar de trasladar o
22 ámbito de negociación ao noso país, cando menos naqueles sectores nos que resulte máis
23 factíbel polas súas características e por sermos o sindicato maioritario.

24 Ao tempo, pelexaremos por manter os convenios de empresa existentes que melloran os
25 estatais. Paralelamente e como obxectivo de futuro, propiciaremos a negociación doutros
26 convenios cando se dean as condicións para facelo, no camiño de acadar o “convenio galego
27 no sector”, do que é exemplo o traballo levado a cabo nas escolas infantís, na etapa 0-3.